

## La Real Academia de Medicina de Galicia premia a científicos del CHUS y del Cunqueiro

REDACCIÓN / LA VOZ

La Real Academia de Medicina de Galicia acaba de conceder sus premios a la investigación científica correspondientes a la convocatoria del 2019, dotados con 6.000 euros cada uno. Galardonan trabajos originales sobre Ciencias Médicas en general y Oncología, respectivamente. El premio Fundación Barrié de la Maza recayó en el trabajo titulado *Estimación del volumen teórico de la población gallega como muestra representativa de la europea atlántica y su aplicación en pacientes con enfermedades hepáticas*, de José Martín Carreira Villamor, José Manuel Fernández-Carrera Soler y Francisco Gude Sampietro, del Complejo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela.

El premio Centro Oncológico de Galicia fue concedido al trabajo *Sangrado tras un infarto de miocardio en pacientes con doble antiagregación: una oportunidad para desenmascarar cánceres silentes*, realizado por Sergio Raposeiras Roubín y Emad Abu Assi, del Álvaro Cunqueiro de Vigo.

### Acto de entrega

Estos galardones serán entregados durante la sesión solemne de inauguración del curso académico del 2020, que se celebrará el próximo día 24 de enero a las 19.00 horas en la sede de la Real Academia de Medicina, en A Coruña.

## Los gatos tienen un parásito que reduce el miedo y la ansiedad en ratones

MADRID / EFE

Los gatos tienen un parásito que transmiten a los ratones a través de las heces y por el que los roedores reducen el miedo a sus depredadores felinos. Además, según demuestra un nuevo estudio que publica *Cell Reports*, también baja su ansiedad general.

*Toxoplasma gondii* es un parásito unicelular que infecta a la mayoría de las especies de animales de sangre caliente, incluyendo a los humanos. Causa la toxoplasmosis, una enfermedad que puede persistir durante largos periodos de tiempo en el cuerpo.



A investigadora Jenifer Brea no seu lugar de traballo.

JENIFER BREA IGLESIAS BIÓLOGA

## «Unir xenética e loita contra o cancro é o que anima a meterte aquí»

*Bolseira da Asociación Española Contra el Cáncer, estuda as secuencias de ADN móbiles*

ALBERTO LORENZO  
REDACCIÓN / LA VOZ

Jenifer Brea Iglesias (A Estrada, 1996) poderá dedicarse ao seu doutorado ao 100%. «Este tipo de bolsas permiten que non teñas que facer outro traballo e que te poidas centrar na investigación, por iso son imprescindibles», explica esta alumna da USC. É unha das beneficiarias das bolsas da Asociación Española Contra el Cáncer para investigación, cunha cantidade de 60.000 euros.

—**Que a levou aquí?**

—O interese por saber como funcionan. Unir a xenética coa loita contra o cancro é algo que te anima moito a meterte aquí, nun doutoramento desde estilo. Os beneficios derivados poden ser moi grandes.

—**En que consiste o proxecto que ten entre mans?**

—Estudamos secuencias de ADN móbiles que se desprazan da súa rexión a outra rexión do xenoma. Ao desprazárense, alteran esas rexións nas que se integran. Esas secuencias nas células sas están bastante controladas, grazas a mecanismos que foron desenvolvendo as células ao longo da evolución das persoas. Pero as células tumorais deixan de estar tan controladas, debido ás alteracións ás que están sometidas.

—**Que consecuencias ten iso para que opte por investigalas?**

—Ás veces, ao desprazárense, arrastran consigo fragmentos adxacentes a elas. Nalgunhas oca-

sións hai nesas fragmentos secuencias reguladoras que o que fan é controlar se os xenes se expresan ou non.

—**Que relevancia ten iso para frear o cancro?**

—Iso é o que queremos ver nós con toda esta investigación. Ás veces esas secuencias que arrastran son reguladoras, e van controlar que determinados xenes se expresen ou non. Nós queremos estudar se a mobilización facilita a expresión de oncoxenes, que son aqueles que favorecen o desenvolvemento dos tumores. A clave de todo consiste en saber se ese é un mecanismo tumoral ou non.

—**Se iso se confirma, que se pode adiantar?**

—Unha vez que se coñeza isto, con estudos máis profundos, pode levar á procura de dianas terapéuticas e ao desenvolvemento de estratexias para mellorar a vida dos pacientes que teñan alta incidencia destas secuencias móbiles.

—**É o estudo do ADN un dos campos máis importantes na loita contra o cancro?**

—A xenómica é unha das principais vías que nos leva a unha medicina personalizada. Podemos diagnosticar de forma máis eficiente a cada paciente. O cancro é un conxunto de enfermidades diferentes. Canto máis preciso sexa o diagnóstico e o posterior tratamento máis rápido actuará este. E farao cunha menor toxicidade e unha maior efectividade.

—**Despois diso, que virá?**

—De confirmarse, habería que tratar de utilizar os coñecementos para aproveitar estas secuencias como biomarcadores para os pacientes. Así poderíase diagnosticar, tratar e seguir a todos os pacientes dunha maneira moitísimo máis eficaz.



Kelly Conde traballando no laboratorio. MARCOS MÍGUEZ

KELLY CONDE PÉREZ BIÓLOGA

## «O noso é un gran de area dun coñecemento que pode ser enorme»

*No seu caso, estuda o microbioma para obter información para facer tratamentos máis efectivos*

A. L. REDACCIÓN / LA VOZ

Kelly Conde Pérez (Xunqueira de Espadanedo, 1994) tamén é unha das beneficiarias das bolsas da Asociación Española Contra el Cáncer. O seu labor de investigación céntrase no microbioma, «o conxunto de xenes, de bacterias, virus e fungos que viven con nós», indica.

—**Que transcendencia ten?**

—Poñamos, por exemplo, o intestino. Sábese que xogan un papel fundamental na resposta inmune, no desenvolvemento de múltiples trastornos ou enfermidades. Pero o que se sabe aínda é moi pouco. Hai que investigar moito nos microorganismos que interveñen no cancro, no alzhéimer ou en trastornos metabólicos.

—**E cal é o seu plan?**

—No laboratorio de microbioloxía do hospital creamos unha microplataforma de microbioma. Estamos tentando realizar estudos nos que poidamos ver que papel xoga o microbioma que temos todos os seres humanos en enfermidades e trastornos diversos que poidamos experimentar.

—**O seu proxecto está centrado no caso do cancro.**

—Queremos saber o papel dese microbioma na resposta ás terapias oncolóxicas, de maneira que saibamos que microorganismos melloran as terapias.

—**Que se lograría así?**

—Diagnosticar se unha persoa vai ter unha predisposición moi alta a sufrir cancro. Por exemplo, de colon. Isto non quere dicir que

o microbioma sexa o único responsable de que se vaia producir un cancro. Hai múltiples factores. Poderíamos ver que microorganismos nos poden axudar a previr o cancro e que microorganismos van incrementar a posibilidade de que se desenvolva un tumor. Podemos previr o cancro e diagnosticar e realizar terapias moito máis personalizadas. Imaxina que unha persoa recibe un tratamento pero non sabemos que hai dúas bacterias que van favorecer que a resposta sexa positiva; daquela, pódese administrar a través dun probiótico, ou realizar unha terapia con antibiótico para eliminar algún microorganismo.

—**Semella un mundo aberto.**

—Cada vez coñécese máis do papel que desenvolve o microbioma nas enfermidades, pero aínda queda moito por descubrir. Sabemos moi pouco de todo iso. É unha porta nova aberta a poder tratar de darlle unha cura ao cancro, e por iso é moi importante que se siga investigando. O noso é un gran de area, pero se todo o mundo contribúe a iso o coñecemento será enorme.

—**Imos camiño do tratamento ultraperpersonalizado?**

—Si, hai que tratar de darlle unha cura ao cancro, e para iso tense que ter en conta que mutación se atopa no seu tumor, que tipo de alimentación leva a persoa ou que microbioma presenta. Iso asegura unha terapia efectiva, polo que será algo importante.

—**Cal será o seguinte paso?**

—Unha vez que se describe un perfil de certas bacterias que van favorecer a resposta do tratamento haberá que saber que persoas van responder mellor, e logo seguir facendo experimentos para contrastar os resultados.